

## **COMUNICADO OFICIAL OCR ALLARIZ**

Bos días a [tod@s](#), atopámonos a 6 semanas do noso evento OCR Vila de Allariz 2020 e, dada a situación tan excepcional que estamos a vivir por mor da pandemia global do COVID-19, vémonos na obriga de **APLAZAR** a a nosa carreira de obstáculos. Tal e como se está a facer co resto de probas que ían ter lugar en datas cercanas a nosa.

A data escollida para a súa realización será o **SÁBADO 19 DE SETEMBRO**. Esta é a única data que por calendario de competición e municipal estaba libre, e creemos que é unha data óptima para a realización da nosa proba xa que a día de hoxe non hai nengunha proba confirmada para ese sábado.

Esta modificación de data levounos tamén a tomar outras decisión:

- .- Voltaremos o tramo anterior de prezo (24 €), porémonos na situación de antes da crise que estamos vivindo por mor do COVID-19.
- .- Tódolos corredores que se inscribisen posterior o 31 de Xaneiro seralle reenvolsado os 4€ de diferenza que pagaron a maiores.

Para as persoas que **NON** poidan correr o sábado 19 de Setembro a organización dará as seguintes opcións:

- .- Gardarase o dorsal de cara a edición de 2021.
- .- Poderán traspasar o seu dorsal a outro corredor/a.

Ambas accións que supoñan unha alteración no sistema de inscricións da proba deberán comunicarse con antelación no mail: [ocrallariz@gmail.com](mailto:ocrallariz@gmail.com)

Son momentos difíciles para a organización dun evento e agardamos ter a vosa comprensión ante tan complicada decisión que nos vimos obrigados a tomar.

Comunicamos a nosa tristeza pola situación global na cual estamos inmersos de cheo como colectivo e agardamos que entre todos poidamos saír adiante o antes posible e da mellor maneira, e agardamos que [tod@s](#) vos e as vosas familias estedes da mellor maneira posible.

Xunta directiva OCR Allariz

[#euquedonacasa](#)